



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS SERVIZO PORVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 19 de decembro de 2024, do Servizo Provincial de Lugo, pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación e formalización de actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado de "Restitución da Estrada LU-651, entre os PP.KK. 17+650 e 18+470" de clave LU/22/071.02.1, no Concello de Folgoso do Courel.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu punto 2º a competencia da Comunidade Autónoma galega no desenvolvemento lexislativo e na execución da lexislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

A aprobación definitiva do proxecto de trazado de "Restitución da Estrada LU-651, entre os PP.KK. 17+650 e 18+470" de clave LU/22/071.02.1, produciuse en data 4 de setembro de 2024 por Acordo do Consello da Xunta de Galicia e foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 176 con data 12 de setembro de 2024. Esta aprobación definitiva implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a reformulación do proxecto e as modificacións deste que, se é o caso, puidesen aprobarse posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño de Estradas de Galicia.

A tramitación do expediente expropiatorio debe axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu Regulamento do 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este Servizo, en virtude da competencia delegada mediante Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada no DOG nº 179, do 20 de setembro de 2017, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios do concello de Folgoso do Courel, para que comparezan nos lugares, data e horas que se detallan a seguir, co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación, nas cales se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Concello de Folgoso do Courel.

Lugar: Salón de Actos do Concello de Folgoso do Courel (Praza Manuel Fraga Iribarne s/n, 27325 Folgoso do Courel, Lugo).

Data: 29 de xaneiro de 2025, das 09:20 ás 13:40 horas.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como os planos parcelarios correspondentes estarán expostos no concello de Folgoso do Courel e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Lugo (Edificio Administrativo, Ronda da muralla, nº 70 - 27071 Lugo), e publicaranse no seguinte enlace da páxina web da Consellería:

https://vivendaeinfraestructuras.xunta.gal/avisos?content=aviso_0361.xml

Así mesmo, realizarase a convocatoria aos interesados ao levantamento das actas previas mediante notificación individual.

Ao dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade (e, de ser o caso, outra documentación que se requira, xustificante do pagamento do IBI...), así como certificado de conta con códigos IBAN e BIC, co fin de realizar os sucesivos

pagamentos que sexan procedentes mediante transferencia bancaria, podendo facerse acompañar pola súa conta, se o consideran oportuno, dos seus peritos e notarios.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, este Servizo, unha vez levantadas as actas previas á ocupación, e habilitado o crédito oportuno, realizará o pagamento, mediante transferencia bancaria, do importe dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación. No suposto de non ter presentado o certificado de titularidade da conta bancaria, con códigos IBAN e BIC, e a copia do DNI, consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos, conforme o disposto no artigo 51 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957.

En cumprimento do artigo 55 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, neste mesmo acto, convócase ao acto de formalización das actas de ocupación o cal terá lugar, logo de producirse o aboamento dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación, no lugar e na data que se indican:

Concello de Folgoso do Courel.

Lugar: Salón de Actos do Concello de Folgoso do Courel (Praza Manuel Fraga Iribarne s/n, 27325 Folgoso do Courel, Lugo).

Data: 26 de marzo de 2025, das 09:20 ás 13:40 horas.

No mesmo acto ofertaráselles aos propietarios as valoracións establecidas pola Administración para cada un dos predios en concepto de mutuo acordo.

O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que na acta figurarán os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que se deberá identificar co documento nacional de identidade.

Lugo, 19 de decembro de 2024.- Xefe do Servizo Provincial de Lugo, Gerardo Pallares Sánchez.

R. 4169

CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL 2025

Despois de quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o orzamento para o exercicio económico de 2025, por acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 28 de novembro de 2024, ao non presentarse reclamacións en prazo, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de 2.736.492,95 €, correspondendo a cada capítulo as cantidades que se expresan a continuación:

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2025	
		IMPORTE	%
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	2.691.492,95 €	98,36%
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	2.481.133,60 €	90,67%
1	Impostos directos	472.056,25 €	17,25%
2	Impostos indirectos	52.500,00 €	1,92%
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	341.210,00 €	12,47%
4	Transferencias correntes	1.615.367,35 €	59,03%
5	Ingresos patrimoniais	0,00 €	0,00%

A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	210.359,35 €	7,69%
6	Alleamento de investimentos reais	0,00 €	0,00%
7	Transferencia de capital	210.359,35 €	7,69%
B)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	45.000,00 €	1,64%
8	Activos financeiros	15.000,00 €	0,55%
9	Pasivos financeiros	30.000,00 €	1,10%
TOTAL INGRESOS		2.736.492,95 €	100,00%

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2025	
		IMPORTE	%
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	2.690.067,95 €	98,30%
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	2.393.096,57 €	87,45%
1	Gastos do Persoal	1.574.883,17 €	57,55%
2	Gastos correntes en bens e servizos	665.967,40 €	24,34%
3	Gastos financeiros	39.510,00 €	1,44%
4	Transferencias correntes	72.447,65 €	2,65%
5	Fondo de continxencia	40.288,35 €	1,47%
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	296.971,38 €	10,85%
6	Investimentos reais	296.971,38 €	10,85%
7	Transferencias de capital	0,00 €	0,00%
B)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	46.425,00 €	1,70%
8	Activos financeiros	15.000,00 €	0,55%
9	Pasivos financeiros	31.425,00 €	1,15%
TOTAL GASTOS		2.736.492,95 €	100,00%

Na referida sesión acordouse, tamén, a aprobación do cadro de persoal:

CADRO DE PERSOAL**A) FUNCIONARIOS/AS DE CARRERA****ESCALA ADMINISTRACIÓN GENERAL**

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SITUACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL C.D
FAX01	SECRETARIO/A INTERVENTOR/A	V	F.H.N SECRETARÍAINTERVENCIÓN	A1 F.H.N.	26
FAX02	ADMINISTRATIVO/A	O	ADMINISTRATIVA	C1	18
FAX03	AUXILIAR ADMTO./A	V/SE	AUXILIAR	C2	14
FAX04	AUXILIAR ADMTO./A	O	AUXILIAR	C2	12
FAX05	AUXILIAR ADMTO./A	V	AUXILIAR	C2	14
FAX06	SUBALTERNO/A	V	SUBALTERNA	A.P.	11

ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SUBESCALA	CLASE	SITUACIÓN	GRUPO	NIVEL C.D.
FAE01	ARQUITECTO/A (50%)	TÉCNICA	SUPERIOR	V	A1	22
FAE02	TRABALLADOR/A SOCIAL	TÉCNICA	MEDIA	O	A2	18
FAE03	A.E.D.L.	TÉCNICA	MEDIA	O	A2	18

B) PERSONAL LABORAL**B.1.- PERSONAL LABORAL FIJO****B-2.- PERSONAL LABORAL TEMPORAL**

ADSCRIPCIÓN	DENOMINACIÓN	GRUPO	SALARIO
SERV. VARIOS	OPERARIO/A RECOLLIDA LIXO (6 MESES)	10	1.134,00
SERV. VARIOS	LIMPADOR/A (6 MESES)	10	1.134,00
SERV. VARIOS	LIMPADOR/A (6 MESES)	10	1.134,00

B.3.- PERSONAL LABORAL TEMPORAL (SUBVENCIONADO)

SUBVENCIÓN	DENOMINACIÓN	GRUPO	SALARIO
ATENCIÓN TEMPERÁ	PEDAGOGO/A (12 MESES)	01	1.651,41
ATENCIÓN TEMPERÁ	PSICOPEDAGOGO/A (12 MESES)	01	1.651,41
ATENCIÓN TEMPERÁ	LOGOPEDA (12 MESES)	02	1.470,38
SERVICIOS SOCIAIS	TRABALLADORA SOCIAL (12 MESES)	02	1.470,38
SERVICIOS SOCIAIS	TRABALLADORA S.A.F. (12 MESES)	09	1.134,00
SERVICIOS SOCIAIS	TRABALLADORA S.A.F. (12 MESES)	09	1.134,00
SERVICIOS SOCIAIS	TRABALLADORA S.A.F. (12 MESES)	09	1.134,00
SERVICIOS SOCIAIS	TRABALLADORA S.A.F. (9 MESES)	09	1.134,00
SERVICIOS SOCIAIS	TRABALLADORA S.A.F. (9 MESES)	09	1.134,00
SERVICIOS SOCIAIS	TRABALLADORA S.A.F. (9 MESES)	09	1.134,00
PLAN CONCILIA	EDUCADORA SOCIAL (12 MESES)	02	1.470,38
PLAN CONCILIA	MONITOR/A OCIO E TEMPO LIBRE (12 MESES)	10	1.134,00
PLAN CONCILIA	MONITOR/A OCIO E TEMPO LIBRE 50 % (12 MESES)	10	567,00
PLAN CONCILIA	MONITOR/A OCIO E TEMPO LIBRE 50 % (12 MESES)	10	567,00
INCENDIOS	XEFE/A BRIGADA (3 MESES)	03	1.290,00
INCENDIOS	CONDUCTOR/A (3 MESES)	10	1.178,57
INCENDIOS	PEÓN (3 MESES)	10	1.134,00
INCENDIOS	PEÓN (3 MESES)	10	1.134,00
INCENDIOS	PEÓN (3 MESES)	10	1.134,00
SOCORRISTAS	SOCORRISTA (2,5 MESES)	08	1.285,71

SOCORRISTAS	SOCORRISTA (2,5 MESES)	08	1.285,71
SOCORRISTAS	SOCORRISTA (2,5 MESES)	08	1.285,71
APROL RURAL	PEÓN (9 MESES)	10	1.134,00
APROL RURAL	PEÓN (9 MESES)	10	1.134,00
APROL RURAL	PEÓN (9 MESES)	10	1.134,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVIZOS (6 MESES)	10	1.134,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVIZOS (6 MESES)	10	1.134,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVIZOS (6 MESES)	10	1.134,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVIZOS (6 MESES)	10	1.134,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVIZOS (6 MESES)	10	1.134,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVIZOS (6 MESES)	10	1.134,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A LIMPEZA VIARIA (6 MESES)	10	1.134,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A LIMPEZA VIARIA (6 MESES)	10	1.134,00

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita Xurisdición.

Antas de Ulla, vinte e seis de decembro de dous mil vinte e catro.- A Alcadesa, María Pilar García Porto.

R. 4184

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por decreto da Alcaldía, de data 20/12/2024, prestouse aprobación inicial aos padróns correspondentes ao 3º Trimestre 2024 das:

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración.
- Canon da auga (Xunta de Galicia).

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dende o 27/12/2024 ata o 26/02/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberan acudir as oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 24 de decembro de 2024.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 4170

BEGONTE*Anuncio*

Por resolución de Alcaldía de data 13.12.2024, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de novembro de 2024 do servizo de axuda no fogar a través da lei de dependencia por un importe de 5.740,90€ e o programa básico de axuda no fogar por un importe de 160€.

Por medio do presente exponseó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeralcoñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 13 de decembro de 2024.- O Alcalde, D. José Ulla Rocha.

R. 4185

O CORGO*Anuncio*

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 6/2024, de suplementos de crédito, por un importe total de corenta mil euros (40.000,00 €), quinto de competencia do Pleno, polo acordo adoptado en sesión celebrada o vinte e oito de novembro de dous mil vinte e catro, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTE</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.594.845,02.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	1.756.335,54.-
3.- Gastos financeiros.....	5.042,90.-
4.- Transferencias correntes.....	91.212,14.-
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6.- Investimentos reais.....	1.383.236,71.-
7.- Transferencias de capital.....	9.567,61.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	4.840.239,92.-

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 26 de decembro de 2024.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 4177

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o **orçamento** municipal para o exercicio **2025**, por acordo adoptado en sesión celebrada o vinte e oito de novembro de dous mil vinte e catro, en cumprimento do disposto polo artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que o citado orzamento ascende, no apartado de gastos, á contía de **dous millóns oitocentos catorce mil cento oitenta e sete euros con vinte e oito céntimos (2.814.187,28 €)**, e no apartado de ingresos, á contía de **dous millóns oitocentos catorce mil cento oitenta e sete euros con vinte e oito céntimos (2.814.187,28 €)**, correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, segundo a seguinte desagregación:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal.....	1.329.782,08.-
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.350.047,13.-
3	Gastos financeiros.....	5.042,90.-
4	Transferencias correntes.....	72.900,00.-
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6	Investimentos reais.....	54.415,17.-
7	Transferencias de capital.....	2.000,00.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-
9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL DOS GASTOS.....		2.814.187,28.-

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos.....	775.948,02.-

2	Impostos indirectos.....	27.130,43.-
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	298.639,17.-
4	Transferencias correntes.....	1.704.493,90.-
5	Ingresos patrimoniais.....	7.775,76.-
6	Alleamento de investimentos reais.....	200,00.-
7	Transferencias de capital.....	0,00.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-
9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL DOS INGRESOS.....		2.814.187,28.-

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar o **cadro de persoal** para o exercicio 2025 que, de acordo co preceptuado polo artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, reproducíase a continuación:

A) FUNCIONARIO DE CARREIRA:

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	SUB-GRUPO	C. D.	SITUACIÓN
--------------	----------	-----------	-------	-----------

1. Habilitación Nacional:

Secretario-interventor, e Letrado da Corporación	1	A1	28	OCUPADO Destino definitivo
--	---	----	----	-------------------------------

1.2. Administración Xeral:

a) Área de servizos xerais:

-Administrativo (Xefe de sección)	1	C1	22	OCUPADO Destino definitivo
-Auxiliar Administrativo (posto de traballo servizos xerais)	1	C2	16	OCUPADO Destino definitivo
-Auxiliar Administrativo (posto de traballo servizos xerais)/Secretaría Xulgado de Paz	1	C2	16	OCUPADO TEMPORAL Funcionario interino

b) Área económica e de facenda:

-Administrativo (posto de traballo de Contable).....	1	C1	20	VACANTE
-Auxiliar Administrativo (posto de traballo servizos xerais: encargado da contabilidade)	1	C2	18	OCUPADO Destino definitivo

1.3. Administración Especial:

-Arquitecto Técnico (media xornada,) de mércores a venres)	1	A2	24	OCUPADO Destino definitivo
--	---	----	----	-------------------------------

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	SUB-GRUPO	C. D.	SITUACIÓN
I) Área de infraestruturas, obras, mantemento e servizos:				
Servizos especiais (Operario de Servizos múltiples)	1	---	---	VACANTE
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
II) Área de Deportes:				
Encargado instalacións e edificios municipais (Operario de Servizos múltiples)	1	---	---	OCUPADO
				Destino definitivo. Tempo completo
III) Servizos Sociais Comunitarios Básicos:				
Traballador/a Social	1	---	---	OCUPADO
Posto de atención servizo social comunitario e Coordinación SAF xestión directa				Destino definitivo. Tempo completo
Traballador/a Social	1	---	---	OCUPADO
Posto de apoio ao posto anterior				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 1	1	---	---	OCUPADO
				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 2	1	---	---	VACANTE
				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 3	1	---	---	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 4	1	---	---	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 5	1	---	---	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 6	1	---	---	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 7	1	---	---	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio nº 8	1	---	---	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio Itinerario 1	1	---	---	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio Itinerario 2	1	---	---	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio Itinerario 8	1	---	---	OCUPADO

Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio Itinerario 10	1	---	---	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio Itinerario 13	1	---	---	VACANTE
Contrato laboral fixo				(POR EXCEDENCIA VOLUNTARIA)
Auxiliar Axuda a Domicilio Libranzas 1	1	---	---	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Auxiliar Axuda a Domicilio Auxiliar Axuda a Domicilio Libranzas 2	1	---	---	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
IV) Xestión do Punto de Atención á Infancia:				
Técnico de Atención á Infancia/Encargada do centro	1	---	---	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Técnico de Atención á Infancia	1	---	---	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
Técnico de Atención á Infancia	1	---	---	OCUPADO
Contrato laboral fixo				Destino definitivo. Tempo completo
V) Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local:				
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	1	---	---	OCUPADO
				Destino definitivo. Tempo completo
VI) Servizo de Informador Xuvenil:				
Informadora Xuvenil/ Encargada telecentro	1	---	---	OCUPADO
				Destino definitivo. Tempo completo
VII) Desbroce e mantemento preventivo de pistas e prevención de incendios forestais e mantemento de parcelas municipais, vixilancia, mantemento e conservación das redes de abastecemento de auga domiciliaria e de saneamento:				
Oficial 2ª	1	---	---	OCUPADO
				Destino definitivo. Tempo completo
Oficial 2ª	1	---	---	OCUPADO
				Destino definitivo. Tempo completo

C) FUNCIONARIOS DE EMPLEO EVENTUAL:

Ningún.

No cadro de persoal non se contemplan as contratacións laborais temporais que o concello poida subscribir ao abeiro do convenio de incendios, do APROL rural ou doutro tipo de subvención ou financiación externa ou no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e Fondos da Unión Europea ou a programas para actuación do emprego (como o Plan Único da Deputación) ao abeiro da disposición adicional 5ª e transitoria 4ª do Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro, ao abeiro do actual artigo 15 do ET.

E) PERSOAL EVENTUAL:

Ningún.

O Corgo, 26 de decembro de 2024.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 4178

COSPEITO

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES POLAS TAXAS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SUMIDOIROS, RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E CANON AUTONÓMICO DE AUGA CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2024.

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, o Alcalde –Presidente mediante Resolución do 19/05/2021 adoptou acordo polo que se aproba o Padrón de contribuíntes das Taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos, e canon autonómico de auga correspondentes ao TERCEIRO trimestre de 2024 e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

“Realizadas as lecturas de contadores de consumo de abastecemento de auga correspondentes ao período do 3º trimestre de 2024 e vistas as altas novas no padrón da taxa de lixo.

Estando en vigor a Ordenanza fiscal reguladora da Taxa de sumidoiros aprobada con data 27/09/1989, que no artigo 8º.3. prevé que as cotas esixibles se liquidarán e recadarán polos mesmos períodos e nos mesmo prazos que os recibos de subministro e consumo de auga.

Vista a redacción da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo, aprobada polo pleno da corporación en sesión celebrada o 4 de novembro de 2015, e cuxo texto articulado definitivo, publicado no BOP núm. 300/2015 do 31/12, recolle no artigo 8 que o período impositivo coincide co trimestre natural devengándose o primeiro día do período impositivo.

Vista a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo municipal de abastecemento de auga potable a domicilios do Concello de Cospeito que establece nos artigos 7º e 8º o devengo trimestral das cotas periódicas e a súa liquidación en documento cobratorio único xunto coas taxas da rede de saneamento e recollida domiciliaria de lixo.

Ditadas Resolucións de Alcaldía polas que se resolven solicitudes de cambio de titularidade de contratos de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida de lixo.

Tendo en conta o establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e no Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga cuxa Disposición derradeira segunda establece a súa entrada en vigor a partir do 1 de xullo de 2012.

Considerando que en virtude do establecido no artigo 48.3. do citado decreto 136/2012, do 31 de maio, en relación co artigo 2º.21 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, o Concello de Cospeito ten a condición de entidade subministradora obrigada a repercutir, conxuntamente cas liquidacións da taxa de abastecemento de auga e sumidoiros as correspondentes cotas do canon autonómico de auga con arrego as tipos e normas de liquidación que os citados texto legais establecen.

Confeccionado de acordo cas referidas disposicións regulamentarias o padrón de contribuíntes suxeitos a tributación correspondentes ao 3º período trimestral do 2024, contendo as variacións anteriores.

De conformidade co establecido no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria e nas Ordenanzas fiscais de cada tributo e demais disposicións concordantes, e considerando o acordado no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como a competencia que ostento como Alcalde –Presidente para ditar o presente acto, en virtude do establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 41 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Con efectos exclusivos sobre el presente expediente, avocar la competencia delegada en la Junta de Gobierno Local en el punto tercero 11. De la Resolución de Alcaldía núm. 530/2023 de data 18.07.2023.

SEGUNDO.- Aprobar o Padrón de contribuíntes polos conceptos de Taxa polo servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga cunha cota total de 68587,08€ (IVE incluído) correspondente ao 3º trimestre de 2024 polos seguintes importes desagregados por conceptos tributarios:

Período	Auga	Lixo	Sumidoiros	Canon de auga	IVE	TOTAL
3º T 2024	38.557,20	36.277,26	764,92	10.616,47	3.855,60	90.071,45

TERCEIRO.- Dispor a apertura dos períodos voluntarios de pago dos referidos padróns e nos períodos indicados, para a xestión recadatoria dos padróns correspondentes, dando exposición pública ao acordo mediante anuncio a inxerir no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Cospeito.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

CANON DE AUGA

De conformidade co disposto no artigo 49.7. do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga, faise constar que o procedemento para o cobro do canon de auga en período voluntario será unitario co seguido para a recadación dos dereitos que á entidade subministradora correspondan polo servizo de abastecemento de auga. O contribuínte que a falla de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso -administrativo ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercitar calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico -administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

FORMA DE PAGAMENTO

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello, nas horas de atención ao público (Caixa Rural Galega e Abanca). Transcorridos ditos prazos iníciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.
2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.
3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 26 de decembro de 2024.- O alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o padrón fiscal do servizo público de centro de día correspondente ao mes de decembro 2024, integrado por 20 recibos por importe total de 7.373,00 €.

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo público de centro de día correspondente ao mes de decembro 2024, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns

Guitiriz, 18 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 4171

LÁNCARA

Anuncio

Aprobado definitivamente o orzamento do Concello de Láncara para o exercicio económico de 2025, logo de non presentarse alegacións ó acordo inicialmente adoptado na sesión ordinaria realizada o día 28 de novembro de 2024, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, publícase que o dito orzamento que ascende, á contía de TRES MILLÓNS TRINTA E NOVE MIL SEIS CENTOS CINCUENTA E NOVE EUROS CON ONCE (3.039.659,11 €) tanto no estado de gastos como no estado de ingresos, co seguinte resumo por capítulos

INGRESOS

Cap.	Descrición	Consignación
1	Impostos directos	641.846,93
2	Impostos indirectos	25.000,00
3	Taxas, prezos púb e outros ingresos	441.547,40
4	Transferencias correntes	1.574.438,38
5	Ingresos patrimoniais	12.752,36
6	Alleamento investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	344.074,04
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
Total orzamento de ingresos		3.039.659,11

GASTOS

Cap.	Descrición	Consignación
1	Gastos de persoal	1.011.131,62
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.533.666,44
3	Gastos financeiros	200,00
4	Transferencias correntes	62.501,00
5	Fondo de Continxencia	2.000,00
6	Investimentos reais	430.160,05
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
Total orzamento de gastos		3.039.659,11

No citado acordo plenario tamén se acordou aprobar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo desta Corporación que, segundo dispón o artigo 127 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducécese de seguido:

A/	<u>FUNCIONARIOS DE CARREIRA</u>	<u>Nº PRAZAS</u>	<u>GRUPO</u>	<u>NIVEL SITUACIÓN</u>
1	Escala de Habilitación Nacional			
1.1	Subescala Secretaría-Intervención			
1.1.a.	Posto: Secretaría-Intervención	1	A1	28 Ocupado
2	Escala de Administración Xeral			
2.1	Subescala Administrativa			
2.1.a	Posto: Administrativo	1	C1	22 Ocupado
2.2	Subescala Auxiliar			
2.2.a	Posto Auxiliar administrativo	1	C2	18 Interino
2.3	Escala de Administración Xeral			
	Subescala subalterna			
2.3.a	Posto: alguacil porteiro	1	E	14 Interino
2.3.b	Posto: Conserxe colexio	1	E	14 Ocupado
3	Escala de Administración Especial			
3.1	Subescala Técnica			
3.1.a	Posto (75%): Arquitecto	1	A1	24 Interino

<u>B</u>	<u>PERSOAL LABORAL FIXO</u>	<u>Nº POSTOS</u>	<u>SITUACIÓN</u>
	Traballadora social (A2, CD 22)	1	Ocupada
	AEDL (A2, CD 22)	1	Vacante
	Encargada OMIX (75%)	1	Ocupada
	Monitor de tempo libre	1	Ocupada
	Oficial de servizos múltiples (C2, CD 18)	1	Vacante
	Operario/a servizos múltiples (E, CD 14)	1	Vacante
	Oficial tractorista	1	Ocupada
	Oficial operario servizos múltiples	1	Ocupada

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO EJERCICIO 2025

A/ FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	DOT	N CD	CE	TP	FP	ADSCRIPCIÓN			TITULACIÓN ACADÉMICA	SIT
						Grupo	Escala	Subesc.		
Secr-Int Admvo	01 01	28 22	28.279,86 20.712,72	S NS	C CO	A1 C1	H.C.N. Admon. Xeral	S-I Admva	Ldo dereito BS	O O
Aux- admvo	01	18	10.454,50	NS	CO	C2	Admon. xeral	Auxiliar	GE	V
Alguacil- porteiro	01	14	9.798,18	NS	CO	E	Admon. xeral	Subalterna	Cert Escol	V
Conserxe colexio	01	14	5.638,36	NS	CO	E	Admon. Xeral	Subalterna	Cert escol	O
Arquitecto (75%)	01	24	11.837,28	NS	CO	A1	Admon. especial	Técnica	Arquitectura	V

DOT=Dotación; N.C.D. =Nivel Complemento Destino; C.E. = Complemento Específico; T.P. = Tipo de Posto; F.P. = Forma Provisión; F. ESP. = Formación Específica; NS= Non Singularizado; S= Singularizado; CS= Comisión de servizos; C= Concurso; OP= Oposición; CO= Concurso oposición H.N.=Habilitación Carácter Nacional; D.U.= Diplomado Universitario; G.E. = Graduado Escolar; E.S.O. = Educación secundaria obrigatoria; O = Ocupado polo titular; V = Vacante.

B/ PERSOAL LABORAL FIXO

Denominación do posto de traballo e a súa clasificación laboral	Nº DE DOTACIÓNS	RETRIBUCIÓNS BÁSICAS ANUAIS	OUTRAS REMUNERACIÓNS ANUAIS
Traballadora social (A2, CD 22)	1	20.486,62	18.637,92
AEDL (A2, CD 22)	1	18.637,92	13.939,24
Encargada OMX (75%)	1	10.040,91	9.206,12
Monitor de tempo libre	1	11.155,84	6.143,62
Oficial de servizos múltiples (C2, CD 18)	1	10.024,64	23.189,74
Operario/a servizos múltiples (E, CD 14)	1	9.187,22	7.670,18
Oficial tractorista	1	10.770,90	9.591,26
Oficial operario	1	10.997,14	9.591,26

O cadro de persoal non inclúe outras posibles contratacións temporais que o Concello poida realizar ao abeiro dalgunha subvención dotras Administracións Públicas, ou ben por necesidades perentorias do servizo. De conformidade co disposto no art. 171.1 do R. D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Láncara, 26 de decembro de 2024.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 4179

Anuncio

De conformidade co decreto de 21 de decembro de 2024 faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal mediante concurso oposición, no marco do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024, para favorecer a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas na execución "Programa Reforzo do Emprego":

- 1 Oficial 1ª albanel (6 meses)
- 1 Oficial Palista (6 meses)

- 1 Oficial Tractorista (6 meses)
- 1 Peón de servizos múltiples (6 meses)

A convocatoria e as bases aprobadas poden consultarse na sede electrónica <https://lancara.sedelectronica.gal> e na páxina web da Deputación Provincial de Lugo.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

Láncara, 23 de decembro de 2024.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 4172

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACIÓN DO LISTADO DE COBRO DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO POLA REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN E DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO POLO ABASTECIMENTO DE AUGA E DO PADRÓN DO CANÓN DA AUGA DO 6º BIMESTRE 2024 (NOVEMBRO-DECEMBRO) E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 23.12.2024 aprobáronse o listado cobratoiros da prestación patrimonial de carácter non tributario pola rede de sumidoiros e depuración e da prestación patrimonial de carácter non tributario polo abastecemento de auga, así como do Padrón do Canón da auga 6º bimestre 2024 (novembro-décembro 2024).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria do listado cobratorio da prestación patrimonial de carácter non tributario pola rede de sumidoiros e depuración e da prestación patrimonial de carácter non tributario polo abastecemento de auga, así como do Padrón do Canón da auga, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación do listado cobratorio da prestación patrimonial de carácter non tributario pola rede de sumidoiros e depuración e da prestación patrimonial de carácter non tributario polo abastecemento de auga, así como do Padrón do Canón da auga, poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económica -administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o artigo 13 da Ordenanza Xeral de Xestión de Ingresos Municipais de Dereito Público fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 30.12.2024 ata o 28.02.2025.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

1. Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.
2. A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.
3. A través da páxina web www.aqualia.es.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 24 de decembro de 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023 A primeira Tenente de Alcalde Gloria María Prada Rodríguez.

R. 4180

AS NOGAIS

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 20 de decembro de 2024, o orzamento xeral para o exercicio 2025 e documentación que se acompaña, conforme ao previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación integrante do mesmo polo prazo de quince (15) días desde a publicación deste anuncio no BOP de Lugo, para os que teñan a condición de interesados poidan presentar reclamacións ou alegacións. Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. De conformidade co disposto na Lei das facendas locais, o orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non presentan reclamacións.

As Nogais, 23 de decembro de 2024.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 4173

OUROL

Anuncio

De conformidade cos artigos 112 da Lei 7/85, do 2 de abril e 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o vinte e nove de novembro de dous mil vinte e catro, adoptou o acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral desta entidade para o exercicio económico de dous mil vinte e cinco, que resultou definitivo ao non se ter presentado reclamacións durante o período de exposición pública. Faise público que o Orzamento ascende, tanto en gastos coma en ingresos, á cantidade de **DOUS MILLÓNS CENTO NOVENTA E SEIS MIL EUROS, (2.196.000,00 €)**, correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Gastos de persoal	1.161.571,17 €
2	Gastos correntes en bens e servizos	689.598,00 €
3	Gastos financeiros	0,00 €
4	Transferencias correntes	67.150,00 €
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00 €
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		1.918.319,17 €
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Investimentos reais	277.680,83 €
7	Transferencias de capital	0,00 €

8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
SUMA TOTAL GASTOS:		2.196.000,00 €

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Impostos directos	1.046.174,60 €
2	Impostos indirectos	10.000,00 €
3	Taxas, prezos pbcos. e outros ingresos	178.000,00 €
4	Transferencias correntes	735.678,00 €
5	Ingresos patrimoniais	1.200,00 €
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		1.971.052,60 €
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Enaxenación de inversións reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	224.947,40 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
SUMA TOTAL INGRESOS:		2.196.000,00 €

Na referida sesión tamén se acordou aprobar a plantilla desta Corporación que, de conformidade co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducése a continuación:

PLANTILLA DE PERSOAL**A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	GRUPO/SUBGRUPO	SITUACIÓN	FUNCIÓNS	CÓDIGO PRAZA
1.Habilitación de carácter nacional 1.1.Secretario-Interventor	1	A/A1	Propiedade	As determinadas no RD 128/2018	PF01
2. Escala de Administración Xeral 2.1. Subescala Administrativa 2.1.1. Administrativo. Xefe de Sección	1	C1	Propiedade	Apoio a Secretaría-Intervención. Substitúe en caso de ausencia, vacante ou enfermidade ao Habilitado Nacional	PF02
2.1.2. Administrativo	1	C1	Propiedade	Servizos xerais de administración xeral	PF03
2.2. Subescala Auxiliar 2.2.1. Auxiliar Administrativo	1	C/C2	Propiedade	As recollidas nas bases para a provisión da praza publicadas no BOP nº 191 de 21.08.2002.	PF04

3. Arquitecto(a) 1/2 xornada	1	A/A1	Propiedade	As recollidas nas bases para a provisión da praza publicadas no BOP nº 253 de xoves 4 de novembro de 2010.	PF05
---------------------------------	---	------	------------	--	------

B) PERSOAL LABORAL FIXO

CÓDIGO PRAZA	Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN	GRUPO/SUBGRUPO	XORNADA
PL01	1	Enxeñeiro/a de montes	A/A1	Completa
PL02	1	Bibliotecario/a	A/A1	Completa
PL03	1	Traballador/a Social	A/A2	Completa
PL04	1	Fisioterapeuta	A/A2	Completa
PL05	1	Educador/a Familiar	A/A2	Completa
PL06	1	Promotor/a Turismo	A/A2	Completa
PL07	1	Axente de emprego e desenvolvemento local/técnico/a de emprego	A/A2	Completa
PL08	1	Animador/a sociocultural	C/C1	Completa
PL09	1	Técnico/a Servizos Xerais	C/C2	Completa
PL10	1	Encargado/a instalacións municipais	C/C2	Completa
PL11, 12, 13, 14	4	Auxiliar de axuda a domicilio	AP	Completa
PL15, 16, 17	3	Auxiliar de axuda a domicilio (xornada parcial)	AP	Parcial
PL18	1	Auxiliar de axuda a domicilio	AP	Parcial, fins de semana e festivos
PL19	1	Operario de servizos municipais	AP	Completa
PL20	1	Operario de servizos municipais	AP	Completa
PL21	1	Condutor/a tractorista desbrozador. Oficial 3ª	AP	Completa
PL22	1	Condutor/a de camión. Oficial 1ª	AP	Completa
PL23	1	Limpador/a	AP	Media
PL24	1	Limpador/a de edificios municipais	AP	Completa
PL25	1	Limpador/a de edificios municipais	AP	Parcial

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

CÓDIGO PRAZA	Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN	GRUPO/SUBGRUPO	XORNADA
PL01	1	Electricista	C/C1	Parcial/Vacante
PL02	1	Pintor	AP	Parcial/Vacante
PL03, PL04	2	Auxiliar de axuda a domicilio	AP	Completa
PL05, PL06	2	Peóns (APROL)	AP	Completa
PL07, PL08, PL09, PL10, PL11	5	Peóns forestais	AP	Parcial/Vacante
PL12, PL13	2	Auxiliar de axuda a domicilio	AP	Parcial

D) ALTOS CARGOS

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Alcalde-Presidente	1	Dedicación parcial

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourol, vinte e seis de decembro de dous mil vinte e catro.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 4181

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO XERAL 2025

Aprobados inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste concello, do día 20/12/2024 o Orzamento xeral, as bases de execución e o cadro de persoal funcionario e laboral, para o exercicio económico 2025, de acordo co previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, **exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por un prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, para os efectos de reclamacións e alegacións.**

Conforme o acordo adoptado, o Orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións. No caso de que se realizasen alegacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, segundo o establecido no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo

Ribadeo, 23 de decembro de 2024.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 4182

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

O pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de novembro de 2024, aprobou inicialmente o Orzamento consolidado, Cadro de Persoal e Relación de Postos de Traballo do exercicio 2025 do Concello e da Fundación municipal "TerrEo". Conforme ao artigo 169 do TRLFL someteuse o expediente a información pública por prazo de 15 días. Non producíndose alegacións durante o citado período resulta definitivamente aprobado o Orzamento consolidado, Cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do exercicio 2025 do Concello e da Fundación municipal "TerrEo". En cumprimento do que dispón o apartado 3 do artigo 169 do TRLFL, faise público que o dito orzamento consolidado ascende en gastos e ingresos a 1.885.206,28 euros. Correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan segundo o seguinte detalle:

ORZAMENTO DO CONCELLO:**ESTADO DE GASTOS**

Capítulos	Denominación	Euros
	A) Operacións correntes	
1	Gastos de persoal	961.600,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	193.378,88
3	Gastos financeiros	8.000,00
4	Transferencias correntes	16.000,00

	B)Operacións de capital	
6	Inversións reais	157.996,62
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	SUMA TOTAL DE GASTOS	1.336.975,50

ESTADO DE INGRESOS

Capítulos	Denominación	Euros
	A) Operacións correntes	
1	Impostos directos	153.500,00
2	Impostos indirectos	2.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	137.050,00
4	Transferencias correntes	900.193,38
5	Ingresos patrimoniais	0,00
	B)Operacións de capital	
6	Enaxenación de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	144.232,12
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	SUMA TOTAL DE INGRESOS	1.336.975,50

CADRO DE PERSOAL DESTA ENTIDADE PARA O 2025

A.-Funcionarios de Carreira		Nº prazas	Grupo	Nivel	S.I.T
1.	Secretario*				
2.	Escala de Administración Xeral				
2.1.	Subescala Administrativa				
2.1.a.	Administrativo	1	C1	22	O
2.1.b.	Administrativo	1	C1	16	V.D.
3.	Escala de Administración Especial				
3.1.	Subescala de Servizos Especiais				
3.1.a.	Operario Servizos Múltiples. Conductor	1	C2	18	O
3.1.b.	Alguacil Porteiro	1	A.P.	14	V.D.

* Eximida esta entidade (Resolución D.G.F.P de 16/03/88)

B.-Persoal Laboral Fixo	Nº prazas	S.I.T
Traballador/a Social	1	O

Auxiliar de axuda no fogar	5	O
Operario de servizos (Fontaneiro)	1	V.D.
Operario de servizos (Electricista)	1	V.D.

SIGLAS UTILIZADAS EN LA RELACIÓN DE LA PLANTILLA DE PERSONAL.

S.I.T.=Situación (O=Ocupada, VD= Vacante Dotada)

C.- Persoal Eventual.- Ningún

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

DENOMINACIÓN	R.J	D.O.T	N.C.D	C.E.M	T.P	ADSCRIPCIÓN			TIT. ACADEM.	S.I.T
						Grupo	Escala	Subesc.		
Secretario *										
Administrativo.	F	1	22	956,01	NS	C1	A.G.	A.D.	1	O
Administrativo.	F	1	16	582,98	NS	C1	A.G.	A.D.	1	V.D.
Operario Servizos Múltiples. Conductor. Encargado do parque de vehículos e apoio ás tarefas básicas en oficinas	F	1	18	582,98	NS	C2	A.E.	S.E.C.	2	O
Alguacil Porteiro.	F	1	14	408,52	NS	A.P.	A.E.	S.E.A.P.	3	V.D.

* Eximida esta entidade (Resolución D.G.F.P de 16/03/88)

SIGLAS EMPREGADAS NA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

R.J= Réxime Xurídico(F= Funcionario); D.O.T=Dotación; N.C.D=Nivel Complemento Destino; C.E.M= Complemento Esp. Mensual; T.P.=Tipo de Posto (NS = No Singularizado); Escala (A.G.=Escala Administración Xeral, A.E=Escala Administración Especial); Subescala (A.D.= Administrativa, S.E.A.P.=Servizos Especiais Alguacil-porteiro, S.E.C.=Servizos Especiais Conductor); Titulación Académica (1= Titulación Específica Grupo C1, 2=Titulación Específica Grupo C2, 3= Titulación Específica Agrupacións Profesionais); S.I.T.=Situación (O=Ocupada, VD= Vacante Dotada)

ANEXO Á RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2025

PERSONAL LABORAL CONTRATADO TEMPORALMENTE PARA OS DISTINTOS SERVICIOS, ASÍ COMO O CONTRATADO CONFORME ÁS SUBVENCIÓNS OU CONVENIOS CONCERTADOS CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

POSTO	Nº POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Auxiliar axuda no fogar	4	Tempo Completo
Auxiliar centro de día	3	Tempo Completo
Persoal programa Depuemprego	2	Tempo Completo
Persoal programa Aprod Rural	1	Tempo Completo
Axente de emprego e desenvolvemento rural	1	Tempo Completo
Peón forestal	1	Tempo Completo
Oficial de 1ª Carpinteiro	1	Tempo Completo

Persoal de dirección, docente e administrativo do Obradoiro de Emprego "O Castro X"	4	Tempo Completo
---	---	----------------

ORZAMENTO DA FUNDACIÓN MUNICIPAL "TERREO":**ESTADO DE GASTOS**

Capítulos	Denominación	Euros
	A) Operacións correntes	
1	Gastos de persoal	313.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	189.730,78
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	0,00
	B) Operacións de capital	
6	Inversións reais	45.500,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	SUMA TOTAL DE GASTOS	548.230,78

ESTADO DE INGRESOS

Capítulos	Denominación	Euros
	A) Operacións correntes	
1	Impostos directos	0,00
2	Impostos indirectos	0,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	384.000,00
4	Transferencias correntes	118.730,78
5	Ingresos patrimoniais	0,00
	B) Operacións de capital	
6	Enaxenación de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	45.500,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	SUMA TOTAL DE INGRESOS	548.230,78

Ribeira de Piquín, 26 de decembro de 2024.- Alcalde-presidente, D. Roberto Fernandez Rico.

R. 4183

O VICEDO*Anuncio***EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO**

Por resolución da Alcaldía de 16 de novembro de 2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de novembro de 2024 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adedebados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 16 de decembro do 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 4174

VILALBA*Anuncio*

De conformidade con lo establecido en el art. 102.3 de la Ley 58/2003, General Tributaria, de 17 de diciembre, se notifican colectivamente las liquidaciones del padrón de tasas por los servicios de suministro de agua, conservación de contadores, saneamiento, canon del agua, coeficiente de vertidos y recogida de basuras de la zona urbana, conforme a lo establecido en la Ordenanza nº 9 reguladora de la tasa por prestación del servicio de recogida de basuras, en la ordenanza nº 11 reguladora de la de la red de alcantarillado, en la ordenanza nº 16 reguladora de la tasa por servicios de distribución de agua y utilización de contadores e instalaciones análogas y el Decreto 136/2012 por el que se aprueba el reglamento del canon de agua y del coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de aguas residuales, correspondiente al 3ª trimestre del ejercicio 2024, aprobado por la Junta de Gobierno Local en sesión celebrada el 16/12/2024.

El referido Padrón queda expuesto al público en la oficina de ESPINA Y DELFÍN S.L, sita en la C/ Campo de Puente, nº 85, bajo, en horario de 9:00 a 13:00 horas de lunes a viernes, el plazo de 15 días contados a partir de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia. Las liquidaciones objeto de notificación

colectiva tienen carácter provisional según lo dispuesto en el art. 101.4 de la Ley General Tributaria, y en contra de estas, podrá interponer recurso de reposición ante la Junta de Gobierno Local en el plazo de 1 mes, contado desde el día siguiente a la finalización del plazo de exposición. Por lo que respecta al canon de agua, podrá ser objeto de reclamación económico-administrativo de la Comunidad Autónoma de Galicia en el plazo de un mes desde que se entienda producida la notificación conforme a lo dispuesto en el Artículo 49.7 del Decreto 136/2012. Se podrá ejercitar, no obstante, cualquier otro recurso que se considere procedente. Todo esto en virtud de lo establecido en el art. 14.2 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales. De conformidad con lo establecido en los arts. 24 y 25 del Reglamento General de Recaudación aprobado por el RD 939/2005 de 29 de julio, se comunica también que el plazo del ingreso en período voluntario será de 30 días naturales desde la publicación de este anuncio en el BOP.

El ingreso de las deudas se realizará en las oficinas de ESPINA Y DELFÍN S.L de lunes a viernes de 9 a 13:00 horas. Los recibos domiciliados por los contribuyentes serán cargados directamente por las respectivas entidades bancarias en la cuenta que ESPINA Y DELFÍN S.L. tiene designada al efecto en la oficina de Abanca de esta localidad. El pago de la tasa se podrá domiciliar para lo sucesivo en cajas de ahorros, bancos y demás entidades financieras. Para este trámite será necesario cubrir un impreso de domiciliación en las oficinas de ESPINA Y DELFÍN S.L. Transcurrido el plazo de ingreso en período voluntario las deudas se harán efectivas por la vía de apremio y serán exigibles los recargos del período ejecutivo y los intereses de demora correspondientes, tal y como estipulan los artículos 26 y 28 de la Ley 58/2003 de 17 de diciembre, General Tributaria y, en su caso, las costas que se produzcan. Por lo que respecta al canon de agua la vía ejecutiva de apremio será realizada por la Consellería competente en materia de hacienda de la Xunta de Galicia.

Vilalba, 23 de diciembre de 2024.- La alcaldesa, Marta Rouco Seoane.

R. 4175

XERMADE

Anuncio

PADRÓN SAF MES NOVIEMBRE DE 2024.

Pola Xunta de Goberno Local de data 19/12/2024 aprobouse o padrón correspondente o mes de NOVIEMBRE de 2024, da taxa da prestación do servizo de axuda a domicilio.

Dito Padrón queda exposto ó público nas oficinas económicas municipais durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

A data de cargo dos recibos domiciliados será a 09/01/2025.

Xermade, 20 de decembro de 2024.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 4176